

Miguelanxo Prado
**A mansión
dos Pampín**



Miguelanxo Prado

A mansión dos Pampín



No ánimo de contribuir a que os cidadáns percibamos a arquitectura e o territorio como piares básicos da nosa cultura, en xaneiro de 2000 o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia puxo en marcha o que posiblemente sexa o seu máis ambicioso proxecto cultural: o PROXECTOTERRA.

Partindo do convencemento de que este obxectivo nunca se logrará acadar se non conseguimos que o feito arquitectónico e territorial adquira unha sólida presenza no ámbito da educación, o PROXECTOTERRA é un proxecto didáctico dirixido á Educación Secundaria Obrigatoria co fin de contribuir a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial.

Este é o obxectivo que perseguimos e pretendémolo facer aportando materiais específicos, que melloren os que agora mesmo están a disposición do alumnado e do profesorado, xunto con actividades complementarias que contribúan a acadar os obxectivos que sobre arquitectura e territorio xa contempla na actualidade o deseño curricular base da área de ciencias sociais para a Educación Secundaria Obrigatoria.

Xosé Manuel Rosales Noves
Coordenador do PROXECTOTERRA

A creación de materiais de ficción con fins didácticos é sempre empresa arriscada e, as máis das veces, remata no fracaso. Seguramente porque, antes que ningunha outra cousa, unha novela, unha película ou unha historieta teñen que ser xusto e máis ca nada iso: novela, película ou historieta e, cando no seu lugar atopamos un manual cheo de datos e conceptos para memorizar, sentímonos enganados. Este libro pretende ser unha banda deseñada e, logo, contando coa complicidade e o traballo *a posteriori* dos docentes, unha ferramenta na súa axuda para a reflexión arredor da realidade arquitectónica e urbanística do noso contorno.

Agardo, pois, que a súa lectura resulte estimulante e divertida.

Miguelanxo Prado


"A mansión dos Pampín"
Guión, debuxos e color: Miguelanxo Prado.
Asistente de color: Víctor Galdón.

© 2004 Miguelanxo Prado / Represented by NORMA Editorial S.A.
© 2004 Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia pola edición en galego.

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
"PROXECTOTERRA"
Quintana 3 "Casa da Conga"
15704 Santiago de Compostela (Galicia / España)
Tel. +34 981 55 24 00
Fax +34 981 56 16 58
<http://www.coag.es/proxectoterra>
e-mail: proxectoterra@coag.es

Depósito Legal: B-42736-2004
ISBN: 84-85665-61-9
Printed in the E.U.

Capítulo I



A VER! ESTADES LISTOS DUNHA VEZ?! NON QUERO QUE FAGAMOS ESPERAR Ó NOTARIO!

XA...



PENSAS QUE DEBERÍA PONER A GRAVATA NEGRA?

IMOS Ó NOTARIO, INDALECIO, NON A UN FUNERAL...



MULLER, NON SEI... EN SINAL DE RESPECTO POLA TÍA ISOLINA...

FAI O QUE CHE PETE... NON SEI PARA QUE ME PREGUNTAS SE LOGO NON ME FAS CASO.



VEÑA, NENOS, IMOS!

QUE PROSMAS...!

XAAAA...





POIS, A VERDADE, AGORA ESTAME A REMOER UN POUCO A CONCIENCIA... PORQUE O CERTO É QUE NUNCA LLE FIXEMOS NIN UNHA VISITA Á POBRE DA TÍA ISOLINA...

O TRABALLO, AS PRESAS... NON FOI POR NON QUERER... ELA SABÍA QUE TI A QUERÍAS BEN...



E QUEN É A TÍA GASOLINA ESA DA QUE FALADES? PORQUE NÓS NON TEMOS NIN IDEA.

ISOLINA, ANACO DE BURRO! E VÓS, CALADOS!



A VER SE TEMOS SORTE E ATOPAMOS UN SITIO PARA APARCAR PRETO...

DÉIXATE DE DAR VOLTAS E VAI Ó APARCADOIRO, INDALECIO, QUE VAMOS MOI XUSTOS DE TEMPO...



NON, MULLER... A VER POR AQUÍ... ESO DO APARCADOIRO É UN COMERCARTOS! É INCONSTITUCIONAL!

MOI BEN... SE TI O DIS...



Piiii!

QUE PASA, PASPÁN! EU TAMÉN TENO PRESA!

PAPÁ, XA SON AS 11 E MEDIA...

VÓS CALADOS!



POIS AGORA ATOPO UN SITIO, COMO HAI DEUS!



BEN, AGORA QUE ESTAMOS TODOS, VOU DAR LECTURA ÁS DERRADEIRAS VONTADES DE DONA ISOLINA PAMPÍN BREA...



... QUEDANDO ESTABLECIDOS DOUS LOTES. O PRINCIPAL, COMPRENDENDO A TOTALIDADE DAS PROPIEDADES DA FINADA NO MUNICIPIO DE ANTELO...



E UN SEGUNDO, CON ALGUNHAS ADQUISICIÓNS FEITAS POLA DEVANDITA DONA ISOLINA NOS ÚLTIMOS ANOS.



DONA ISOLINA, SABEDORA DE QUE D. INDALECIO PAMPÍN, AQUÍ PRESENTE, GARDOU SEMPRE NO SEU CORAZÓN, DENDE OS DÍAS DA SÚA INFANCIA, A CASA DOS SEUS AVÓS, QUE ELA MESMA HERDOU...



E SABEDORA, TAMÉN, DO DESLEIXE E DESINTERESE DE DONA AMALIA PAMPÍN, AQUÍ PRESENTE, POR ESTES MESMOS BENS, DECIDE OUTORGAR A D. INDALECIO PAMPÍN A OPCIÓN PREFERENTE PARA ESCOLLER O LOTE QUE EL DESEXE.



A ESCOLLA DEBE SER FEITA NA MIÑA PRESENZA, NESTE MESMO MOMENTO E NON TERÁ POSIBILIDADES DE RETRACTO.





ISO DAS "ADQUISICIÓNS" SEGURO QUE SON COXÍNS E FIGURIÑAS DE PORCELANA, QUE XA LLE GUSTABAN DE MÁIS NOVA...



SI... NUNCA TIVO BO GUSTO. SEMPRE LLE FIXERON TILÍN AS QUINCALLAS... PERO, NON SEI...



XA ESTÁ DECIDIDO. QUEDO CO PRIMEIRO LOTE... RAZÓNS SENTIMENTAIS...

CLARO, CLARO... BEN, CONTINUO...



FEITA A ESCOLLA, PASAN A SER PROPIEDADE DE D. INDALECIO PAMPÍN A CASA FAMILIAR E A FINCA NA QUE ESTA SE ATOPA, ASÍ COMO OS ENSERES NELA CONTIDOS... QUEDAN, POR TANTO, PARA DONA AMALIA PAMPÍN...



...OS CINCO PISOS E AS SETE PRAZAS DE GARAXE QUE DONA ISOLINA POSUÍA NESTA CIDADE, QUE CONFORMABAN O SEGUNDO LOTE, REXEITADO POR D. INDALECIO. DOU FE. LISTO!



PISOS... PRAZAS DE GARAXE...?!!

E OS MONTES?
E AS FINCAS?

DONA ISOLINA FOI VENDENDO TODAS ESAS PROPIEDADES E COMPRANDO BENS INMOBLES NA CIDADE. DE FEITO, HABÍA CASE VINTE ANOS QUE ELA MESMA VIVÍA NUN DOS PISOS.



TIVO SEMPRE BO OLLLO PARA OS NEGOCIOS!



MOI BEN! RAZONS SENTIMENTAIS! O RESTO, "COXINS E FIGURINAS"...! PODESE SER MÁIS BABECO, PERO HAI QUE ADESTRAR!



E RESULTA QUE A VELLA LEVABA VINTE ANOS VIVINDO AQUÍ! E TI SEN SABELO!




E AGORA A TUA CURMÁ AMALIA DEBE ESTAR ESCACHADA DA RISA, CON RAZÓN, CLARO!



TRES EUROS!! ISTO É UN ROUBO!! É INCONSTITUCIONAL!!

A TUA IDIOTEZ SI QUE É INCONSTITUCIONAL, PASPÁN!



BEN, PERO NON DEBEMOS ESQUECER QUE TEMOS UNHA CASA DE CAMPO CUNHA FINCA FERMOSSÍSIMA...

É UN "CHALE"?

TEN PISCINA? TEN PISTA DE TENIS?



XA BASTA!! MORREU O CONTO! O SEGUINTE QUE FALE DO ASUNTO QUEDA SEN PAGA DURANTE TRES MESES!

TAMÉN É INCONSTITUCIONAL FALAR DA CASA?

CONCHA, NON ME PROVOQUES...!

Capítulo II



XA VEREDES... A CASA É ENORME, MOI BONITA, CASE UN PAZO, CON MOITÍSIMOS CUARTOS...



E A FINCA...! QUE FINCA! INMENZA!! CHEA DE ÁRBORES... MESMO PASABA UN PEQUENO RÍO...





PODEREMOS BAÑARNOS NO RÍO? TEN TROITAS?

PODEMOS FACER UNHA PISCINA "NATURAL"!



SE CADRA... XA VEREMOS...





ERA... ERA MOITO MÁIS GRANDE... E MÁIS BONITA...



E A FINCA INMENZA? E AS MOREAS DE ÁRBORES? ESTÁS SEGURO DE QUE É ESTA...? NON TE TERÁS TRABUCADO?



CANDO ESTIVECHES AQUI POR ÚLTIMA VEZ?

CANDO TIÑA NOVE... NON... DEZ ANOS.



ISTO É UNHA MISERIA! UNHA RUÍNA!! NON ME ESTRANA QUE A VELLA FUXIRA DE AQUI!!



ATOPAMOS O RÍO!!



NON TODO É TAN MALO, VES?





Aquí!

TEN MOITA FONDURA?



NON VOS ABEIREDES,
NON VAIADES CAER...



"ISTO" É O RÍO??!!

POIS... TEN QUE SER...



EN TODA A FINCA NON HAI MÁIS
AUGA, NON SENDO UNHA POZA
DE AUGA PODRE DETRÁS DA CASA.




UN PAZO! ÁRBORES
A ESGALLA! RÍO! E
A FINCA...! A FINCA
NON PASA DOS
TRES FERRADOS!!

TRES FERRADOS ESCASOS,
SI SEÑORA. BO OLLLO!



SON TOMÁS, UN VECIÑO. TI DEBES SER
INDALECIO, NON? SUPONO QUE NON TE
LEMBRAS DE MIN... ERAS UN CATIVIÑO...


POIS... NON... A VERDADE...



A CASA ESTÁ MOI MAL... SEMELLA QUE
A MIÑA TÍA NON MIROU MOITO POR ELA.



DENDE QUE ISOLINA MARCHOU PARA A CIDA-
DE, HAI VINTE ANOS, NON VOLVEU POR AQUI.
A CASA XA NON ERA BOA, E DEIXADA ASÍ...



POIS EU LEMBRÁBAA BEN
MÁIS GRANDE E BONITA...



UNHA MISERIA!
UNHA RUÍNA!!



E AGORA A SUPERFICIE NON VOS DA PARA
EDIFICAR DE NOVO... O MELLOR SERÁ QUE
VOS INFORMEDES NO CONCELLO.





MIÑA NAI,
QUE CAMBIADO
ESTA ISTO!



VÓS AGARDA-
DE NO COCHE.



BOS DÍAS... O SE-
ÑOR ALCALDE...?

SON EU. QUE SE
LLES OFRECE?



CHÁMOME INDALECIO
PAMPÍN... SON SO-
BRINO DE ISOLINA...

AH, ISOLINA A DOS
PICHÍS, QUE EN PAZ ES-
TEA! O MEU PÉSAME.



GRAZAS... A DOS... "PICHÍS", DIXO?

SI, HO! NA VOSA FAMILIA FOSTES SEMPRE
"OS PICHÍS", VAI TI A SABER POR QUÉ.



AH... BEN... EU... NÓS... O CASO É QUE
HERDAMOS A FINCA COA CASA, E...

E QUEREDS SABER QUE
SE PODE FACER AÍ, NON?

POIS O QUE PODEDES FACER É... NADA.

COMO "NADA"?!

POIS ISO, NADA. PARA EDIFICAR NECESIDADES 4 FERRADOS, QUE NON OS TEDES, E A CASA ESTÁ RUINOSA, POLO QUE AMAÑALA VOS CUSTARÍA MÁIS QUE FACER DÚAS NOVAS...

E COMPRARLE ALGÚN ANAQUIÑO A UN VECIÑO PARA COMPLETAR OS 4 FERRADOS?

PFFF!! DIFICILÍSIMO!! ¡AVOS SAÍR MÁIS CARO QUE COMPRAR FINCA NOVA NALGÚN OUTRO SITIO.

TAN COTIZADA ESTÁ AÍ A TERRA?

A TÚA NON VALE UN PATACCO... PERO AS OUTRAS SI.


E DE QUEN SON AS OUTRAS? PODO TENTALO...

NON VAI PAGAR A PENA. SON MIÑAS.

HOME, O POBO ESTÁ EN EXPANSIÓN, XA VICHES, NON? TEMOS CASAS DE SETE E OITO PISOS, UN "TODO A CEN"...



Capítulo III



POIS EU VÉXOO UN INVESTIMENTO MOI INTERESANTE, SR. PAMPÍN.



UNHA HIPOTECA POTENTE, BEN DOTADA... CLARO, TENDO EN CONTA QUE A CASA E A FINCA NESTE MOMENTO NON VALEN NADA, A GARANTÍA DEBERÁ INCLUIR O SEU PISO...



PORQUE O PISO NON ESTÁ HIPOTECADO, VERDADE?

NON O ESTÁ, NON...



E EN CANTO SAIRÍA Ó MES ESTE PRÉSTAMO?



O DA HIPOTECA ASÍ, ÁS BRAVAS, SEN SABER CANTO NOS PODE CUSTAR A RESTAURACIÓN, NON TEN SENTIDO. TEMOS QUE PEDIR UN PRESUPOSTO.

SE VENDESEMOS E NOS DEIXÁSEMOS DE LERIAS, MELLOR NOS IRÍA...

PARA QUÉ?, PARA PERDER DIÑEIRO! PERO SE AMANAMOS A CASA, REVALORIZÁSE TODA A PROPIEDAD.

E ONDE GASTAMOS CINCO, LOGO LLE SACAMOS DEZ. OU MÁIS...! ASÍ É COMO SE FAN OS NEGOCIOS.

E PARA ESTES CHOLLOS O MELLOR É UN CONSTRUTOR LOCAL, QUE SEMPRE AXUSTA MÁIS OS PREZOS E NON PRETENDE TER TANTO BENEFICIO.

PASADOS O CONCELLO E A PANADERÍA... UNHA CASA MOI ELEGANTE...

AÍ ESTÁ. TEN QUE SER ESTA!

AQUÍ HAI MOITOS CARTOS METIDOS, INDALECIO! PARA PAGAR TODO ISTO OS BENEFICIOS TEÑEN QUE SER BEN BOS...

DIN
DÓN

BOAS TARDES... SOMOS OS SRES. DE PAMPÍN. FALEI CO SR. PETEIRO ESTA MAÑÁ... QUEDAMOS EN PASAR POR AQUÍ...

AAH... POIS NON LLES ESTÁ EN CASA... SE QUEREN PASAR E AGARDAR POR EL... PERO NON LLES SABERÍA DICIR O QUE VAI TARDAR.

O MÁIS CERTO É QUE ESTEA NO BAR "IDEAL", BOTANDO A PARTIDA. PODEN ACHEGARSE POR ALÍ...

E POR ONDE VÉN CAENDO O BAR ESE...

"IDEAL"... NON TEN PERDA. ESTÁ NA PRAZA DA IGREXA, QUE XA A VEN UN POUCO MÁIS ADIANTE, A MAN DEREITA.

POIS IMOS VER SE O ATO- PAMOS. MOITAS GRAZAS.

QUE MODERNO ESTÁ TODO, VERDADE?


HOME, SE ME TRAEEN DE OLLOS PECHADOS E ME DEIXAN AQUÍ CASE PENSARÍA QUE ESTOU NALGÚN BARRIO DA CIDADE COMA O NOSO.

SI... SE NON FOSE POR ALGUNHA DESAS CASAS VELLAS, QUE DESENTOAN...



MIRA! ISTO SI QUE ESTÁ CASE IGUAL QUE CANDO EU VIÑA DE NENO!! XA NON ME LEMBRABA!

ALÍ ESTÁ O CAFÉ "IDEAL".



BOAS TARDES... DESCULPEN, SABEN SE O SR. PETEIRO ESTÁ POR AQUÍ?

SON EU... QUE DESEXAN?

SOMOS OS SRES. DE PAMPÍN...



AH, SI...! DESCULPEN, COMA NON QUEDAMOS NUNHA HORA CONCRETA, VIN TOMAR UN CAFÉ. VEÑA, SEGUIDE SEN MIN, QUE TEÑO QUE FALAR CON ESTES SEÑORES.



QUE BONITA, ESTA PRACINA... EU VIÑA AQUÍ DE CATIVO, NOS VERÁNS...

ESTAMOS VENDO DE FACER UN "PARKIN" SUBTERRÁNEO.




PERO ENTÓN, A PRAZA...

MODERNIZÁMOLA! E OS SOLARES COLLERAN MÁIS VALOR.



CANDO NOS FAGAN O RAMAL DA AUTOVÍA, QUE XA O TEMOS PROMETIDO, AQUÍ VAI VIR VIVIR MOITA XENTE DA CIDADE. MOITO PROGRESO VAI SER!

TIRAMOS TODAS ESAS CASIÑAS E LEVANTAMOS EDIFICIOS MODERNOS DE DEZ PISOS... MOITO PROGRESO, DIGOLLO EU!



E INDO Ó NOSO, ESTIVEN MIRANDO O DA SÚA FINCA...

E TEN XA ALGUNHA IDEA?




HOME, AMAÑAR, Ó FINAL, VAILLES SAÍR MÁIS CARO QUE CONSTRUIR DE NOVO, ISO DENDE LOGO.

PERO O PROBLEMA É QUE Ó PARECER NON TEMOS SUPERFICIE ABONDA PARA QUE NOS DEAN A LICENZA.



BEN... HAI XEITOS... PEDIMOS OS PERMISOS PARA AMAÑAR, TIRAMOS TODO MENOS A FACHADA, CONSTRUÍMOS TODO NOVO, E LOGO, DESPOIS DUN TEMPIÑO, TIRAMOS O MURO VELLO QUE DEIXAMOS, E LISTO!



E ISO PODE FACERSE?

HOME, PODER, PODER... PÓDESE, SI. HAI QUE SABER FACELO. PERO CLARO, TODO ISTO DO QUE ESTAMOS A FALAR SON GASTOS, E NON PEQUENOS.



O MEU NEGOCIO, POR SUPOSTO, É CONSTRUIR... PERO... HAI MÁIS COUSAS NA VIDA QUE OS NEGOCIOS E OS BENEFICIOS! CAÉRONME VDES. ESTUPENDAMENTE, QUE BEN SE VE QUE SON BOA XENTE E CON CRITERIO...





ESTARÍA DISPOSTO A MERCARLLES A FINCA POR UN PREZO RAZOABLE. A CASA NON VALE UN PESO, PERO PODERÍA USALA DE ALMACÉN...



E SE ESTÁN INTERESADOS EN VIR VIVIR AQUÍ, QUE O ENTENDERÍA, CLARO, QUE XA VEN QUE ISTO VAI CAMIÑO DE SER UNHA METRÓPOLE, PODERÍA OFRECERLLES ALGÚN PISO OU UN APARTAMENTIÑO A BO PREZO.



DESCONTARÍALLES O DÍNEIRO DA FINCA E QUEDARÍALLES MOI APAÑADO O NEGOCIO.

E CANTO NOS DARÍA POLO NOSO?



TEÑO UN APARTAMENTO DE 70 M2 QUE PODERÍA DEIXARLO EN... 60.000 BELLINES, PREZO DE AMIGOS. E POLA FINCA PODERÍA DARLLES... 6.000. ISO METENDO O APARTAMENTO NA OPERACIÓN. SE NON... 4.000, E PERDO MOITO DÍNEIRO.



4.000 BELLINES POR CASA E FINCA?! E UNHA COÑA?!!

O QUE TENEN VDES., E PERDOEN QUE SEXA TAN FRANCO, É UNHA MISERIA. O QUE LLES OFREZO É DÍNEIRO DE MÁIS. PÉNSENLO.



E A TÚA CURMÁ AMALIA PODRE DE CARTOS CON PISOS E PRAZAS DE GARAXE A ESGALLA!! SE CHEGAS A SER MÁIS PARVO REMATAMOS POÑENDO DÍNEIRO NÓS!!

Capítulo IV



BOS DÍAS, INDALECIO. MOI-
TA MOVIDA TES NA FINCA...

ESTOU AMAÑANDO UN POUCO. LIMPAR E
FRESAR A TERRA, E MENTRES EU VOU IR FA-
CENDO UN CASETO PARA AS FERRAMENTAS...



E UN PECHU DE DÚAS RINGLEIRAS DE
BLOQUES. POR PASAR O TEMPO...

E XA DECIDISTES ALGO
RESPECTO DA CASA?



POIS NON. AÍNDAMOS PENSANDO.

HOME, HAI UNHAS SUBVENCIÓNS PIS-
TONUDAS PARA A REHABILITACIÓN
DE CASAS TRADICIONAIS. EU MES-
MO PEDÍN UNHA E AMAÑEI A CASA.



É AQUELA DE ALÓ... A DO TELLADO DE
LOUSA COA PARABÓLICA AMARELA.

PERO... ISO É UNHA
CASA "TRADICIONAL"?



HOME, AQUÍ NON, PERO SON AS QUE
FAI PETEIRO, O CONSTRUTOR. SE CA-
DRA SON TRADICIONAIS EN SUÍZA, QUE
É ONDE ESTIVO EL EMIGRADO...





O MALO DO DAS SUBVENCIÓNS E QUE NON PODES TER CARTOS NIN PROPIEDADES...

HOME, EU SÓ TEÑO O PISO DA CI-DADE, O COCHE E ISTO. E CARTOS...



Uiiii... XA VAS PASADO DE ROSCA! EU TER, TEÑO. UN LOTE DE FINCAS, TERREOS E CASAS, PERO ESTÁ TODO A NOME DA MULLER, DOS FILLOS, DA SOGRA... EU SONCHE POBRE COMA UNHA RATA!!

BOS DÍAS.



QUE, METÉNDOSE A CONSTRUTOR?

NADA... UNHAS PARVADAS... UN CASETO PARA OS TREBELLOS E UN VALADIÑO DE DOUS BLOQUES... POR FACER ALGO.



EU MARCHO, INDALECIO... VÉMONOS.

E TEN OS PERMISOS CORRESPONDENTES PARA ESTAS OBRAS?

ATE LOGO, SR. TOMÁS...

PERMISOS? NON... NON SABÍA...



NON SABÍA, NON SABÍA...! POIS TEÑO QUE DENUNCIALO E POÑERLLE UNHA MULTA. E TEN QUE ARRANXAR O DOS PERMISOS NO CONCELLO.


HOME, PERO SE É POR ISO VOU AGORA MESMO E DEIXAMOS O DA MULTA...



NON EMPEORE AS COUSAS ALPORIZÁNDOSE E ENFRONTÁNDOSE Á AUTORIDADE... VAIA MIRAR O DOS PERMISOS, PERO DA MULTA NON O SALVA NIN O PAPA.

PERO HOME, COMO SE PON A CONSTRUIR SEN TER OS PERMISOS... A VER... "UN GALPÓN PARA APEIROS DE LABRANZA" E UN VALADO DE DÚAS RINGLEIRAS DE BLOQUE... E MALLA METÁLICA...?

POIS... SI... E MALLA...



TRAE OS RESPECTIVOS PROXECTOS TÉCNICOS?

PROXECTOS TÉCNICOS?!! PARA UN CASETO DE 2x2 E UN MURETE DE DOUS BLOQUES?!!! É UN VACILE?!!



NON É VACILE NINGÚN. SON AS NORMAS. SE NON HAI PROXECTO ASINADO POR UN APARELLADOR OU UN ENXEÑEIRO TÉCNICO, NON HAI PERMISOS.

PERO A XENTE LEVA FACENDO OS SEUS VALADOS E OS SEUS CASETOS SÉCULOS!! QUE TEÑA QUE PAGAR POLOS PERMISOS, PASE... PERO ESA HISTORIA DOS PROXECTOS...!!



E QUEN LLE GARANTE Ó CONCELLO QUE OS CÁLCULOS DE CIMENTACIÓN E ESTRUTURAS SON CORRECTOS? QUEN ASEGURA QUE A OBRA NON SE VAI VIR ABAIXO?

ISTO É UNHA "CÁMARA OCULTA", VERDADE? CLARO... ONDE ESTÁ...?



NIN CÁMARA OCULTA, NIN GAITAS!! OU TRAE OS PROXECTOS OU NON HAI PERMISOS!!

POIS QUE LLE DEAN POLO SACO Ó VALADO E Ó CASETO!! NON OS FAGO E PUNTO!!



POIS A MULTA TEN QUE PAGALA O MESMO!!



PROXECTOS TÉCNICOS!! E ESTE, EN CANTO EU MARCHO, PARA DE TRABALLAR!! PAÍS DE MANGANTES, CAGHO NO DEMO!!



EH, XEFE! VEÑA VER O QUE ATOPEI!!



UN MURO DE PEDRA VELLO SOTERRADO. POIS MOI BEN. QUE TEN DE ESPECIAL? A VER SE TAMÉN VOU TER QUE PAGAR POR EL.

ISTO TEN TODA A PINTA DE SER UN CASTRO.



UN CASTRO? DAQUELES ANTIGOS...?

DOS CELTAS, SI SEÑOR!



MESMO ÁS VECES TENEN TESOUROS AGOCHADOS!!






PENSABADES QUE ISTO DO HERDO ERA UNHA MISERIA, NON SI? UNHA CASA VELLA E UNHA FINCA DE MERDA, VERDADE?!



POIS ESTADES MOI, PERO QUE MOI EQUIVOCADOS!!!



NON IMOS SABER QUE FACER COS CARTOS!



ATOPACHES PETRÓLEO?!!



UN CASTRO CELTA!! NA NOSA FINCA HAI UN CASTRO CELTA!! É O MÁIS SEGURO É QUE TENA UN TESOURO SOTERRADO!! VIRÁN DO MUNDO ENTEIRO A VELO, COMA AS PIRÁMIDES!!



MAÑÁ MESMO IREI A SANTIAGO PARA VER COMO SE FAN ESTAS COUSAS.



CONCHA? ESTOU SAÍNDO DUN MUSEO... NON TE IMAXINAS QUE COUSAS HAI NOS CASTROS!



ESTÁN CHEOS DE COUSAS DE OURO!! IMOS SER TAN RICOS QUE ESTOU MEDIO MAREADO! AGORA VOU À XUNTA, A INFORMARME. DESPOIS CÓNTOCHE.



ASÍ QUE ATOPOU UN CASTRO CELTA NA SÚA FINCA...

SI SEÑOR. E QUERÍA SABER QUE É O QUE SE FAI AGORA. SE ME VAN DAR DIÑEIRO, A QUEN LLE VENDO O TESOURO... ESAS COUSAS.



E A VDE. QUEN LLE DIXO QUE O QUE TEN NA FINCA É UN CASTRO? UN ARQUEÓLOGO?

EHHH... NON... FOI... O TRACTORISTA.



AAAAHH! SENDO ASÍ, NON HAI DÚBIDAS!! E VDE. NON SABE QUE EN GALICIA NUNCA HOUBO CELTAS?

PERO SE VEÑO DE VER UN MUSEO E...



ISO DOS CELTAS SON CONTOS DE VELLAS E DE BABECOS ROMÁNTICOS E PELICULEIROS, HOME!



PERO, PARA O CASO É O MESMO. SUPONAMOS QUE O QUE TEN NA FINCA É CERTAMENTE UN CASTRO. ESQUÉZASE DE TESOUROS.



COMO MOITO, ALGUNHA FERRAMENTA OU ALGÚN ANACO DE CERÁMICA. E NON PODE TOCARLLES, PORQUE SERÍA ESPOLIO DO PATRIMONIO.



PERO ESTÁN NA MIÑA FINCA!! SON MEUS!!

ERA BOA!!



E, ADEMAIS, SE LLO RECOÑECEN E CATALOGAN COMO CASTRO, NON PODERÁ OBRAR NIN FACER NADA NA FINCA, E MESMO TERÁ QUE GARANTIR A CONSERVACIÓN DO XACEMENTO.

PERO DARÁN UNS DIÑEIROS, NON?
OU COMPRARÁN A FINCA...

NIN UN CAN.



ADEMAIS, CADA VEZ, NESTAS COUSAS, HAI
MÁIS DIRECTIVAS DE BRUXELAS, LEXISLA-
CIÓN DA UNIÓN EUROPEA... SE CADRA PO-
DERÍA CHEGAR A HABER ALGÚN TIPO DE AXU-
DAS, PERO NUNCA LLE ÍAN COMPENSAR.



AQUÍ ENTRE NÓS, SE QUERE UN CON-
SELLO PERSOAL, TAPE TODO, CALE
A BOCA E ESQUEZASE DO ASUNTO.




SE CASTROS HAI
A ESGALLA!!



CONCHA? QUE NADA... QUE
SON TODO PROBLEMAS...
CULPA DA UNIÓN EUROPEA...



Capítulo V



MIRA, INDA, LIMPÁMOSLLE UN POUCO Á CASA E Á FINCA, SEN GASTAR CARTOS, VENDÉMOLA E VENDEMOS O NOSO PISO...



... E FACEMOS UNHA HIPOTECA NOVA PARA PAGAR A DIFERENZA CUN PISO NOVO.

NON SEI, CONCHA, NON SEI...



UN PISO A ESTREAR, NUN BARRIO MÁIS FINO, MÁIS NO CENTRO.

TI CRES QUE NOS DARÍA PARA MERCAR UNHA CASA POR AQUI?



INDALECIO, HOME, EU TEÑO ILUSIÓNS, PERO NON DESVARÍO...



PERO OS PISOS DOS QUE ME FALARON ESTÁN AQUI Ó CARONCIÑO...

A MIN SEGUÍAME A FACER CHIS-
TE O DE AMAÑAR A CASA...

PERO SE XA CHE
DIXERON QUE DE
AXUDAS, NIN UN CAN!



VEÑA, SON ESTES... IMOS VELOS.

NON DICÍAS QUE
NON DESVARIABAS?



CREO QUE AÍNDA QUE HOUBERA O
TESOURO NO CASTRO DA FINCA NON
PODERIAMOS MERCAR AQUÍ UN PISO.



NÓS XA TERIAMOS QUE PEDIR
UNHA HIPOTECA SÓ PARA PAGAR
OS GASTOS DE COMUNIDADE!!





ESTES TAMÉN SON BONITOS, PERO MENOS LUXOSOS... XA VERÁS COMO O PREZO É TAMÉN MÁIS ALCANZABLE...



HABERÍA QUE HERDAR 6 OU 7 VECES!

SE CADRA TEMOS QUE ESQUECER O DE VIVIR NO CENTRO...



POR AQUÍ ESTÁN A FACER TAMÉN PISOS MOI MODERNOS... E SEGURO QUE NON VAN SER TAN CAROS.



TAMÉN PODIAMOS QUEDAR CO PISO, QUE TAN MAL NON ESTÁ, E TER A CASA DA ALDEA PARA AS VACACIÓNS E AS FINS DE SEMANA...



PERO HOME, NON ESTÁS FARTO DE NON ATOPAR ONDE APARCAR, DO ASCENSOR ESTRAGADO CADA DÚAS SEMANAS, DO CHEIRO A FRITO DOS DO TERCEIRO...?

SI... VISTO ASÍ...



MÁIS BARATOS QUE OS OUTROS SI SON... CUN POUCO DE SORTE PODERIAMOS REMATAR DE PAGALO ANTES DE MORRER...




NON DESESPEREMOS. AGORA O QUE FAI A XENTE É MARCHAR PARA URBANIZACIÓNS DE EMPARELLADOS.



O BO DE VIVIR FÓRA DA CIDADE, PERO COAS VANTAGES DA "CIVILIZACIÓN"...

SEMELLAS UNHA VENDEDORA, CONCHA.



A ESTE PASO, COMO MOITO, PINTAMOS O PISO E CAMBIAMOS A CISTERNA QUE FAI RUIDO...



NON, CONCHA, PARA VIVIR NUN PISO PEQUENO, QUEDAMOS NO QUE ESTAMOS. NON A 25 KM...

MIRA, CONCHA, ESQUECE O DO PISO.
XA VES COMO ESTÁN OS PREZOS.



O MELLOR SERÁ VOLVER FALAR CON
PETEIRO E VER DE AMANAR A CASA
COS MENOS CARTOS POSIBLES...



INDALECIO, O QUE DIS NON TEN PÉS NIN
CABEZA. NON SÓ NON LLE IMOS SACAR
CARTOS Á HERDANZA, SENÓN QUE IMOS
GASTAR OS QUE NON TEMOS...



SABES O QUE PENSO? SE QUERES FALAMOS CON PETEIRO,
PERO PARA VENDERLLE. TENTAMOS SACARLLE O MÁIS
POSIBLE E NOS ESQUECEMOS DO ASUNTO. DESPOIS XA
VEREMOS PARA O QUE NOS DÁ. PROCURAMOS CON CALMA
E SEGURO QUE REMATAMOS POR ATOPAR ALGO.



POIS VEÑA, VAMOS,
QUE SEGURO QUE O PILLAMOS NO "IDEAL"...





BOAS TARDES, SR. PETEIRO.

HOME, "PICHÍS"... EMMM... SRES. PAMPÍN! QUE SORPRESA! SENTEN... QUEREN TOMAR ALGO?

NON, GRACIAS...



E QUE, VISITANDO AS "PROPIEDADES"?

EN REALIDADE VIÑEMOS FALAR CON VDE.. ESTIVEMOS PENSANDO E... SE SE-QUE INTERESADO EN COMPRAR...



HOME, INTERESADO, O QUE SE DI INTERESADO... A MIÑA OFERTA XA A CONECEN... É MÁIS POR FACERLLES UN FAVOR QUE POR NEGOCIAR.



XA... O CASO É QUE... O QUE NOS OFRECEU... PARÉCENOS UN POUCO... POUCO.



POIS A COUSA ESTÁ DIFÍCIL. ESTOU SEGURO QUE NON VAN ATOPAR NINGÚN TOLO QUE LLES DEA MÁIS DO QUE EU LLES OFREZO.

HOME, VDE. MESMO DIXO QUE ALGÚN SERVIZO LLE PODERÍA TIRAR Á CASA COMA ALMACÉN...





AI, MIÑA NAI! VDE. É UN NEGOCIANTE DURÍSMO, PAMPÍN! COMO MO SAIBA A MULLER, MÁTAME, PERO VOULLE FACER A OFERTA DERRADEIRA, E DE AÍ NON SUBO...



NON ESTÁ MAL, NON CONCHA? 8.000! DOBROU A OFERTA!

SI... NON SEI...



HOME, SRES. PAMPÍN, QUE SORPRESA!

BOAS TARDES, SR. ALCALDE.



QUE, RESOLVERON XA QUE FACER COA CASA?

POIS... VIMOS PRECISAMENTE DE FALAR CO SR. PETEIRO... ANDAMOS VENDO DE VENDERLLE... DISCUTINDO O PREZO.



AH, SI? POIS EU TIÑA QUE FALAR CON VDE.. XA SEI QUE O OUTRO DÍA TIVO UN PEQUEÑO... "CONTRATEMPO" COAS FORZAS DE ORDE PÚBLICO...


EHHH... SI... BEN, A VERDADE É QUE...



NADA, HOME, NON SE PREOCUPE. ELES CUMPREN CO SEU DEBER, CLARO, PERO PARA ISO ESTAMOS AS "ALTAS INSTANCIAS", NON? BEN SEI EU QUE NON ERA A SÚA INTENCIÓN INFRINXIR A LEI.



Capítulo VI



A VER! ESTADES LISTOS DUNHA VEZ?! NON QUERO COLLER A ESTRADA ATEIGADA!

XA...



PENSAS QUE DEBERÍA POÑER PANTALÓNS LONGOS PARA IR NO COCHE?

IMOS DE VACACIÓNS, INDALECIO, NON Ó NOTARIO... LEVA O QUE CHE SEXA MÁIS CÓMODO.



MULLER, NON SEI... IMAXINA QUE HAI ALGÚN CONTROL DA POLICÍA... IR COAS PERNAS Ó AIRE...

FAI O QUE CHE PETE... NON SEI PARA QUE ME PREGUNTAS SE LOGO NON ME FAS CASO.



VEÑA, NENOS, IMOS!

XAAAA...

QUE PROSMAS!





SAÍMOS TARDÍSIMO!! AGORA VAI ESTAR O TRÁFICO IMPOSIBLE!!



CLARO, COMO AQUÍ NINGUÉN FAI CASO DO QUE EU DIGO! IMOS CHEGAR ÀS TANTAS!



POR CERTO, NON PONEIRÁS O MALETÍN VERDE ARRIBA, NA BACA?

POR QUE?! NON MEMORIZO ONDE VAI CADA MALETA!!



POIS É O QUE LEVA OS MEDICAMENTOS! VAN RECOGER!!

POIS LEVÁRALOS DA TÚA MAN! EU BASTANTE FIXEN CON CARGAR CON TODO, QUE AÍ, O TEU FILLO, NON COLLEU NIN UNHA BOLSA.




ISO NON É CERTO, QUE TROUXEN OS MEUS "GUOLMAN"!!



MIRA! COS TREBELLOS ESES AS COUSAS VAN BEN MÁIS CURIOSINAS E DISCRETAS QUE COA BACA...



ISO SON MODERNECES DE HORTERAS E DE PEDANTES! ADEMAIS, CUSTAN UNHA PASTA, E COA LERIA DO PISO XA FORON GASTOS ABONDOS!



VEÑA, INDA, NON PROTESTES, QUE BEN QUE MELLORAMOS! O PISO É MÁIS GRANDE...

12 M2 MÁIS...! NON HAI PERIGO DE PERDERSE NEL!



... É SEMI-NOVO, E TEN DOUS ASCENSORES, E PORTEIRO AUTOMÁTICO CON CÁMARA...

SI... PERO NON TEN PRAZA DE GARAXE!



COMO DIS TI, NON SE PODE TER TODO NESTA VIDA...

TICALA OU NON TE BAÑAS EN TODAS AS VACACIÓNS.



ISO É "COACCIÓN"...!

EN QUE CLASE CHE APRENDERON TAL COUSA?



NA TELE, NUNHA PELÍCULA DE "CHAC NORRIS", DESAS DE PELEXAS...



DESDE LOGO, ALCALDE, MIRA QUE LEVARME 72.000 BELLINES POR ISTO...! TÉS DELITO! E EU MÁIS POR PAGARCHOS!



10.800 QUE LLES DECHES ÓS "PICHÍS"... NON ESTÁ MAL O "BENEFICIO"!

QUE DIS! SE, Ó CABO, TIVEN QUE REDONDEARLLES OS 12.000, QUE ELA NON PARABA DE QUEIXARSE!



E NON TE LAIES, QUE BEN QUE CHE RECALIFIQUEI URBANO TODO O LOTE!



XEFE, QUE FACEMOS LOGO CO CASTRO DE MARRAS?

AMOREADE AS PEDRAS, QUE XA VEREMOS DE FACER POR ALGURES UN MURO.





XA ESTÁS AQUI, CONCHA? QUE CEDO REMATA-CHES, NON?



CEDO?! AQUI A ÚNICA QUE NON TEN VACACIÓNS SON EU!



MULLER, NON DIGAS ISO... QUE EU VOU POLO PAN TODOS OS DÍAS!

ANDA, DEIXÉMOLO... ONDE ESTÁN OS CATIVOS?



ONDE VAN ESTAR? NA AUGA... AÍ VEÑEN.



VAIA VACACIÓNS, EH, CONCHA? O FINAL, NON ESTIVO MAL O HERDO DA TÍA ISOLINA...



NON ME LEMBRES O ASUNTO, QUE PENSO NO QUE LEVOU A TÚA CURMÁ AMALIA E DANME SUFOCOS!

PERO NÓS TAMÉN LLE SACAMOS O NOSO PROVEITO... PISO NOVO, VACACIÓNS...



POIS MENOS MAL QUE FUN EU QUEN ACORDOU O PREZO FINAL CO ALCALDE, QUE SE CHEGA A SER POR TI QUEDAMOS SEN VERANEO.



QUE ESTABAS DISPOSTO A VENDERLLE SEN REGATEAR NADA!

MULLER, VENDO QUE A FINCA E A CASA NON VALÍAN A PENAS, DÁBAME NON SEI QUE...



XA! PERO SE NON FORA POLOS 1200 BELLINES QUE LLE SAQUEI A MAIORES NON HABÍA VERANEO NA COSTA!

ISO SI QUE CHO RECOÑEZO.



Ó FINAL NON É MAL TIPO, O ALCALDE... DEUNOS BEN MÁIS DO QUE OFRECÍA O LERCHO DE PETEIRO, O CONSTRUTOR.



POR CERTO, FALANDO DE CARTOS... XA QUE ANDADES COA ECONOMÍA "SANEADA" PODIADDES MERCARME A MOTO...

E A MIN O EQUIPO DE MÚSICA...



XA EMPEZAMOS?! TÚA IRMÁ AÍNDA TEN UN PASE, PERO TI SUSPENDICHES CATRO, BABECO!!



SE AS APROBO EN SETEMBRO, COMPRÁDESMA?!

TI APRÓBAAS E LOGO FALAMOS...



VAS APROBAR MOITO, CON TANTO COMO ESTUDAS...!

POIS CLARO QUE ESTUDIO. HOXE ESTIVEN ESTUDANDO ATA QUE VIÑEMOS PARA A PRAIA!



PERO SE TI ERGUÍCHESTE PASADAS AS 11 E VIÑESTES PARA A PRAIA ÀS 12! SE LLE DESCANTAMOS O QUE CHE LEVOU ALMOZAR E VESTIR...



TAMÉN TENO QUE DESCANSAR, NON? ESTAMOS DE VACACIÓNS!





A herdanza dunha casa na aldea levará á familia Pampín a entrar en contacto con notarios, constructores, veciños, alcaldes... nunha sucesión de situacións tan absurdas coma reais.

ENTIDADES COLABORADORAS

AS·PG
ASOCIACIÓN SÓCIO-PEIDAGÓXICA GALEGA

tve

ONCE

COFINANCIADO POLA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA
Dirección Xeral de Urbanismo